

**Acordo do 6 de outubro de 2023 da Comisión do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías de titulado/a universitario de grao ou equivalente do grupo I e II da sociedade Xestión do Solo de Galicia -Xestur S.A, polo que se aproba e se fai pública a proposta definitiva de nomeamento como persoal laboral fixo.**

De conformidade coa cláusula III.3 das bases reguladoras do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso para o ingreso nas categorías de titulado/a universitario de grao ou equivalente do grupo I e II de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A, publicadas xunto co anuncio da convocatoria con data 30 de decembro de 2.022 na páxina web: [www.xesturgalicia.com](http://www.xesturgalicia.com), a Comisión de Selección, nomeada polo Consello de Administración de data 29 de marzo de 2.023 (DOG nº 76 do 20 de abril de 2.023), e constituída a tales efectos con data 6 de outubro de 2023, entre outros puntos da orde do día, **ACORDOU:**

**2.- Proposta de exclusión do proceso selectivo da aspirante Dona Trinidad Vilouta Iglesias en aplicación do artigo 11 da lei 5/2022, de 21 de decembro , de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.**

A Comisión de Selección, á vista da declaración xurada presentada por Dona Trinidad Vilouta Iglesias o pasado 26 de setembro de 2023 (entrada Xestur EC23-1310), onde manifesta que actualmente atópase en servizo activo como funcionaria de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma , subgrupo A2, declarando que en aplicación do artigo 11 da lei 5/2022, de 21 de decembro , de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia opta por manter a situación de servizo activo na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto, a Comisión de Selección acorda, por unanimidade, de conformidade co previsto no punto V.2 das bases reguladoras do proceso selectivo e en aplicación do artigo 11 da lei 5/2022, de 21 de decembro , de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, propoñer ao Consello de Administración de Xestur, S.A., a exclusión do proceso selectivo para a o posto de Axudante/a Departamento/ Coordinador, Grupo II, con titulación específica licenciatura en Dereito a Dona Trinidad Vilouta Iglesias, e a declaración do mesmo como deserto ao non existir ningunha outra persoa aspirante para devandito posto.

**3.- Proposta definitiva da comisión de selección das persoas aspirantes para o seu nomeamento como persoal laboral fixo.**

A comisión de Selección á vista das declaración xuradas presentadas polos demais persoas aspirantes propostas en desenvolvemento do Acordo da Comisión de 31 de agosto de 2023, onde todos eles manifestan o cumprimento dos requisitos de capacidade funcional, habilitación e non pertenza como persoal laboral fixo para a mesma categoría e grupo obxecto desta convocatoria, (apartado I.2.5, I.2.6 e I.2.7 do prego de

bases), así como de cumprimento das regras especiais para estes procesos reguladas no artigo 11 da lei 5/2022, de 21 de decembro , de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, acorda, por unanimidade, elevar de forma definitiva a o Consello de Administración de Xestur a proposta de nomeamento como persoal laboral fixo das seguintes persoas candidatas, por acadar as maiores puntuacións e acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para cada un dos seguintes postos:

<b>Posto: Técnico/I/ECCP</b>	
<b>Prazas: 1</b>	
Nome	DNI
López Bellón, Fernando	*68***03**

<b>Posto: Técnico/I/Lic-grao Dereito</b>	
<b>Prazas: 2</b>	
Nome	DNI
Conde de Sas, Sofía	*61***83**
Alonso Silva, María	*54***02**

<b>Posto: Axudante depar-coordinador/II/Relacións laborais</b>	
<b>Prazas: 1</b>	
Nome	DNI
Castro Freire, Evangelina	*87***00**

<b>Posto: Técnico/I/Lic-grao Ciencias Econ.e Empr.</b>	
<b>Prazas: 1</b>	
Nome	DNI
Matarranz González, Sandra	*48***71**

O presente acordo da comisión de selección e susceptible de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e publicarase na páxina web da sociedade de conformidade co previsto no apartado III.3 do prego de bases.

Para que así conste,

Diego Jorreto Díaz  
Presidente da Comisión de Selección  
(documento asinado dixitalmente)